

Pallares y Gayoso, na súa obra Argos Divina, faise eco da conxectura do P. Fr. Juan de Sarriá, garda que foi do convento de San Francisco de Lugo, que este cenobio de san francisco fora fundado polo propio Santo (ao que se lle atribúe a colocación da primeira pedra) ao regreso da súa peregrinación a Santiago de Compostela. Pola súa parte Villamil y Castro, baseándose nun testamento de Rodrigo Fernández, citado polo P. Risco na súa España Sagrada, di que no ano 1290 o convento xa estaba fundado, afirmando este historiador que “el convento de San Francisco de Lugo se fundó en el siglo XIII, extramuros de la ciudad, y que en el siglo XV se trasladó a ella a expensas del primer Conde de Lemos ó de los duques de Arjona.”

Poucas novas temos do convento de San Francisco ao longo da súa historia, agás o incendio que sufriu o 8 de decembro de 1638 e que afectou fundamentalmente a cuberta.

Durante o período barroco é obxecto de diversas reformas e ampliacións. Así, no século XVIII é rematada a torre (construción probablemente iniciada no século XVI); Blas de Barro dálle un segundo piso ao claustro; edifícase un segundo claustro e unha nova cociña e un refectorio. De tempo antes, a mediados do século XVII, data a armadura octogonal do cruceiro (quizais reconstruída despois do incendio) e, no 1695, levántase a capela da VOT acaroadada ao lado S da igrexa.

No século XIX, despois de sufrir os desmandos das tropas francesas que chegaron a empregar a igrexa como corte para os cabalos, o convento de San Francisco vese afectado polo decreto de desamortización de 1835, chegando incluso a especularse co seu derrubamento. A partir dese momento, igrexa e convento seguen camiños diferentes. A primeira, despois de ser utilizada como presidio, ábrese de novo ao culto o 10 de febreiro de 1867 convertida, en 1916, en parroquial de San Pedro. O resto do convento foi destinado en 1842 a Casa de Maternidade e Asilo de Beneficencia, situándose dentro dos muros conventuais, en 1845, o primeiro teatro co que contou a cidade de Lugo. Na década dos cincuenta do século XX foi derrubado (só se conservou un dos claustros, a cociña e o refectorio) e deu paso ao Museo Provincial de Lugo, edificio deseñado polo arquitecto vigués Manuel Gómez Román.



Texto: Fernando Arribas  
Fotos: Germán Limeres  
© Museo Provincial de Lugo

# 80 ANIVERSARIO DO CONVENTO DE SAN FRANCISCO COMO B.I.C. 1931-2011

  
DEPUTACIÓN DE LUGO  
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA

  
Cultura

  
MUSEO PROVINCIAL DE LUGO



o CONVENTO  
DE SAN FRANCISCO  
NO MUSEO  
PROVINCIAL  
DE LUGO

# 80

ANIVERSARIO  
DO CONVENTO  
DE SAN FRANCISCO  
COMO B.I.C.  
1931-2011



## IGREXA

Edificada no século XV, presenta un hastial realizado con perpiaño no que se abre unha portada de arco apuntado abucinada por varias arquivoltas que abrazan un tímpano trilobulado. Chaman a atención, ademais da ornamentación da portada, uns relevos de enigmático significado. Por riba da porta ábrese unha gran ventá oxival con dous parteluces, coroando o conxunto unha cruz antefixa.

No interior, a igrexa presenta unha planta de cruz en tau, dividíndose a nave en cinco tramos por pilastras sobre as que descansan arcos faixóns apuntados que soportan unha cuberta de madeira que seica estivo pintada.

O cruceiro está delimitado por catro arcos torais oxivais que parten de piares con columnas acoradas, encargándose da iluminación dous rosetóns de gran tamaño situados nos extremos do transepto. A ornamentación interior é moi sobria e redúcese a uns poucos elementos (capiteis, rosetóns, etc.), situándose na clave de varios arcos da nave relevos policromados que reproducen os emblemas da orde franciscana.

A cabeceira do templo esta formada por tres ábsidas poligonais, sendo de maior tamaño a central que ademais presenta a particularidade de ter seis lados, o que obriga a rematar o seu fronte en esquina. As tres están cubertos con bóveda de cruzaría, iluminándose a través doutras tantas ventás aximezadas entre as que destacan as da ábsida central por ser de maior altura.

Localizados nas capelas laterais, atópanse varios enterramentos baixo arcosolios decorados con arquiños e cabezas de cravo ou flores crucíferas. Os do lado do Evanxeo correspóndense co de D. Pedro Fernández Bolaño e de D. Rodrigo Afonso de Saavedra, mentres que o do lado da Epístola pertencelle ao Duque de Arjona, D. Pedro Tello de don Fadrique. Todos eles presentan unha estatua xacente e a fronte ornamentada con anxos e cos brasóns destas nobres familias.

## REFECTORIO

O refectorio ou comedor, xunto coa cociña e o claustro, formaban parte das dependencias do antigo convento de San Francisco que, segundo a tradición, foi fundado polo propio santo ao regreso da súa peregrinación a Santiago de Compostela no ano 1214. Este refectorio é obra do século XVIII e presenta unha planta rectangular cuberta cunha bóveda de canón rebaixada, rachada por catro lunetos no lado esquerdo, que descansa sobre cinco arcos perpiaños. Arrancan estes arcos dunha imposta de talón moi acusada, ornamentada con volutas e coas características placas do barroco. No lateral oeste atópase un pequeno púlpito ou ledoiro, realizado en granito, empregado polos frades franciscanos para as lecturas piadadasas durante as comidas. Flanquean este púlpito unha pequena lacena e un oco ou torno destinado ao servizo entre a cociña e o refectorio, elementos que presentan as xambas, linteis e soleiras de granito.

Alberga esta sala unha colección de maquetas a escala, doadas pola Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, realizadas por Tranqueira Construcións con pequenos fragmentos de granito, xisto, madeira e palla. Hainas de dous tipos: seis que reproducen pallozas de concellos da montaña lucense (A Fonsagrada, Navia de Suarna, Cervantes e Pedrafita do Cebreiro) e dez que amosan edificacións populares dos concellos polos que discorre o Camiño Francés na provincia de Lugo.



## COCIÑA

Edificada no séc. XVIII, a cociña é unha das dependencias máis típicas e características do Museo Provincial de Lugo. De planta cuadrangular, cúbrese cun tellado de lousas a dúas augas sobre unha armazón de vigas e táboas de madeira.

Como elemento arquitectónico máis significativo, esta antiga cociña ofrece unha espléndida lareira de cantaría de tipo pacego. A súa vistosa cheminea, feita de cachotería, presenta rústicas pechinas que propician un rematado troncocónico no que se abren dúas filas de ocos para a saída de fumes.

De cantaría son tamén os fregadoiros (ou vertedoiros) e un singular mesado, orixinais da cociña conventual.

Esta sala alberga diverso mobiliario e unha boa colección de útiles tradicionais da cociña galega, formando todo un conxunto de gran valor etnográfico.



## CLAUSTRO

O claustro do Museo Provincial de Lugo é un dos escasos exemplos de claustros franciscanos medievais de España. Aínda que de estrutura románica, trátase dunha interesante e enigmática obra realizada no século XV, segundo se desprende de dúas inscricións en caracteres góticos que nel se conservan.

De planta cuadrangular, pero trazado en falsa escuadra, cada unha das catro frontes deste claustro está formada por tres grupos de arcadas, separadas por machóns, con arcos de medio punto a base de baquetóns e escocias, sendo os do lado norte de maior tamaño. As columnas, levantadas sobre un muro corrido de mediana altura, presentan capiteis con artística decoración, na que predominan os motivos vexetais, pero hainos tamén xeométricos, zoomórficos e antropomórficos. A parte superior é do século XVIII e tivo como artífice a Blas de Barro.

No centro do claustro atópase o primitivo pozo do convento franciscano, con peitoril de cantaría e muro de cachotería. Nun dos extremos do corredor norte do claustro consérvanse cinco arcos, algún lixeiramente apuntado, que servían de acceso á antiga sala capitular do convento franciscano.

No corredor norte deste claustro atópase unha das mellores coleccións de reloxo de sol de España, tanto en número como en variedade de formas, materiais e tipos, que datan dos séculos XVII, XVIII e XIX e, no que foi o acceso á antiga sala capitular, diversos restos arqueolóxicos, fundamentalmente da época romana.

Na banda leste é onde se concentra a meirande parte das mostras de epigrafía do museo, que abrangue inscricións romanas e medievais, estas últimas cunha cronoloxía que vai do século VIII ao XV, mentres que as primeiras se localizan en aras, estelas e miliarios.

Fragmentos dun singular baldaquino gótico flamíxero, sartegos antropomórficos prerrománicos e outros con tapas ornamentadas con estatuas xacentes, constitúen os exemplos máis salientables da ala sur, localizándose na oeste modillóns románicos, fragmentos de columna, bases, etc. Deste variado mostrario resaltaremos a colección de capiteis de tipoloxía diversa: tardorromanos, visigóticos, románicos, góticos, renacentistas...

Repartidos polas catro alas, esta dependencia do museo alberga tamén pedras heráldicas que amosan as armas dalgunhas das máis importantes familias nobres galegas.